



SA  
Ú  
DE

INF★RMA

## CIG-Saúde NON ASINOU o novo ESTATUTO MARCO



O Ministerio de Sanidade asinou, en xaneiro de 2026, con CCOO, UGT, CSIF e SATSE, un novo Estatuto Marco que **non garante melloras reais en aspectos importantes**, non resolve os problemas do persoal da sanidade pública e **apraza cuestións chave a futuras negociacións**, sen prazos nin compromisos.

### CLASIFICACIÓN PROFESIONAL SEN ACTUALIZACIÓN SALARIAL

- O Estatuto Marco consolida a reclasificación sen actualización salarial.
  - × Só prometen negociar no futuro: sen datas, sen contías, sen garantías.
- Pretenden que confiemos nese futuro acordo cando:
  - × O EBEP (vixente desde 2007) **nunca se aplicou na sanidade**.
  - × Acordos asinados con outros sindicatos **quedaron sen cumprir**.
  - × O persoal que traballa na sanidade **leva anos mal clasificado pola falta de aplicación real do EBEP** ao persoal estatutario, xerando unha débeda histórica coas categorías profesionais.



**Se non cumpriron o pactado durante anos, por que imos crer agora neste novo compromiso?**

### XUBILACIÓN ANTICIPADA E PARCIAL: SÓ NO PAPEL

- O novo Estatuto Marco menciona a xubilación parcial e anticipada, pero **non reconece o dereito efectivo a acollerse a elas desde a entrada en vigor do novo estatuto**.
- O seu desenvolvemento queda **adiado a futuras negociacións** e a outras normas que dependen doutros ministerios.
- **Sen prazos, sen garantías** e sen saber cando nin como se aplicarán.

### XORNADA SEN GARANTÍAS

- Non garanten a **xornada real de 35 horas semanais**.
- As **gardas localizadas** non computan como xornada efectiva.
- Non teñen impacto real nos **descansos**.
- Posibilidade de estar **localizado todos os días do ano**.



**O persoal da sanidade merece dereitos reais,  
non promesas de futuro!**



Maio 2026